



Coñecendo os pobos, achegando culturas

Curso de xénero con pertinencia cultural 29 y 30 de novembro 2010

Sala de Xuntas do edificio da Políticas da Universidade, Travesía Choupana S/N
Santiago de Compostela



Curso de xénero con pertinencia cultural na educación para o desenvolvemento

O Consorcio formado polas Ong's: Acsur-Las Segovias Galiza, Arquitectos Sen Fronteiras, Farmamundi Galicia, Educación Sen Fronteiras e Solidaridade Internacional organiza o vindeiro días **29 y 30 de novembro** o Curso "xénero con pertinencia cultural na educación para o desenvolvemento".

Lugar e data:

O curso terá lugar en Santiago de Compostela, Na sala de Xuntas do edificio da Políticas da Universidade, na Travesía Choupana, S/N. O horario será de 10 a 14h e de 16 a 20 horas.

O prazo de inscrición remato o vindeiro **26 de novembro**. O número de prazas máximas é 25 e se adxudicarán por odre de inscrición. O curso no terá custe.

Correo-e Organizador: sensi.galicia@asfes.org

Obxectivos e perfil dos participantes:

Inclusión da perspectiva de xénero e a pertinencia cultural no ciclo de proxectos e programas de desenvolvemento. O **curso terá un carácter práctico** e nel abordarase cómo incluír a perspectiva de xénero tendo en conta a cultura da poboación indixena maia. Convidarase a unha actora internacional experta na materia, elaborarase un calendario-decálogo cos inputs da formación que conterà as boas prácticas para a construción dunha sociedade intercultural.

Dirixido a: 25 persoas, procedentes de movementos sociais, entidades educativas, administracións e demais organizacións que traballen na educación ao desenvolvemento.



Resultados esperados:

- Fortalecido o manexo teórico, técnico e metodolóxico para a implementación da perspectiva de xénero e étnica nos programas de desenvolvemento.
- Dispoñibilidade e apertura a construír novas formas de relacións e prácticas de maior respecto, inclusión, recoñecemento, crítica e autocrítica, e comunicación horizontal e de corresponsabilidade.
- Participantes nas xornadas coñecen e manexan elementos teóricos e políticos sobre a perspectiva de xénero e pertinencia cultural
- Os e as participantes reflexionaron sobre as opresións e elementos básicos sobre a internalización da opresión étnica e de xénero, vinculándoo coa súa identidade e experiencia persoal.
- Os e as participantes manexan criterios políticos e técnicos na elaboración de ferramentas para a inclusión da perspectiva étnica e de xénero nos procesos.
- Os e as participantes coñecen unha análise crítica da perspectiva de xénero implementada nos proxectos de cooperación pola súa visión occidental.

Contido:

Comprensión e identificación das causas e consecuencias das relacións e prácticas de poder baseadas na discriminación, marxinação, exclusión e racismo interiorizado exercidos nos planos íntimo, privado e público.

Que papel xoga a deconstrución do racismo interiorizado e social das persoas que planifican, executan e avalían proxectos e programas de desenvolvemento coas organizacións de mulleres, pobos indíxenas e persoas de outras identidades

Criterios de análise para comprender as particularidades das mulleres e os pobos indíxenas que permitan propor novas formas de relación co mundo e polo tanto cos procesos.

Aplicación en todo o ciclo dos proxectos e programas de mulleres e pobos indíxenas, indicadores que identifiquen niveis de inclusión, avance ou retroceso, das apostas teóricas, metodolóxicas e organizativas.

Exercicios prácticos